

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de xuño de 2020
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:44 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	NON

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sr. Rodríguez Davila: A Sra. Valcárcel Bernárdez vaise incorporar máis tarde.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión ordinaria núm. 5/2020 de 14.05.2020.

VOTACIÓN: Non existindo observacións a acta, pola Sra. Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da; sendo aprobada por once votos a favor e unha abstención da Sra. Pereira González por non ter asistido á sinalada sesión plenaria.

Expediente 1110/2017. Denegación da declaración de especial interese ou utilidade municipal da obra contemplada no “Proxecto de Novo Acceso á Canteira Faro desde a PO-411, Parderrubias, Salceda de Caselas”.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 5,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Tourón Domínguez: Bos tardes noites a todos e todas. Neste punto o que traemos é a denegación da declaración de especial interese ou utilidade da obra contemplada no “Proxecto de novo acceso á Canteira Faro dende a PO-411 en Parderrubias”. Por poñer un pouco en antecedentes, o 10 de maio de 2019 aprobouse a licenza urbanística para facer unha estrada alternativa á canteira, esta que acabamos de nomear. Nesa licenza falábase dunha base impositiva desa obra de 176.745, 38€, dos cales correspondían a taxas e demais gastos un total de 20.761,65€. Unha vez aprobada esta licenza a Comunidade veciñal de Parderrubias pasa a presentarnos unha solicitude de bonificación no ICIO, o Concello de Salceda de Caselas ten aprobado unha posible bonificación do ICIO do 95% sempre que sexa declarada obra de utilidade municipal ou de interese social e para iso solicítase informe do servizo de intervención, para ver se corresponde esa declaración de utilidade pública. Temos dous informes de intervención, no seu día un que fixo o interventor anterior e agora outro de data 15 de xaneiro de 2020, no que a interventora actual se ratifica en que non é considerado un interese social xa que a



Comunidade que a solicita xustifica esta bonificación porque, segundo eles *“a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achega, eliminar o tráfico de vehículos pesados polo núcleo de Agro da parroquia de Parderrubias mediante a construción dun novo acceso a canteira do Faro dende a PO-411, considerándose que concorren circunstancias sociais que xustifican a declaración de especial interese ou utilidade municipal”*. O servizo de intervención di que non é así, que non reúne as circunstancias para concorrer como circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento de emprego para poder aplicar esta bonificación. É o que traemos hoxe a pleno, deixando claro que entendemos, e así nolo transmiten os veciños e as veciñas da zona, que é necesaria esa estrada, traemos aquí a denegación baseada neste informe técnico e que consideramos que non é de utilidade pública xa que é para unha actividade privada.

Sr. González Souto: Boas tardes a todos e a todas, o que vamos a tratar hoxe dende o noso grupo é de motivar para que desde o Goberno se acceda á bonificación do ICIO dunha obra moi importante para os veciños do Agro en Parderrubias, que sofren a diario as consecuencias do tráfico pesado que pasan polo vieiro existente cara as canteiras do Faro, molestias como ruído, polvo, vibracións sen seguridade produto da actividade mineira que se desenrola nas canteiras. É a Comunidade de montes de Parderrubias e a empresa extractiva quen toman a iniciativa coa finalidade de eliminar o tráfico pesado a carón das casas; presentan un novo proxecto para acometer un no vieiro de acceso á canteira afastado das vivenda afectadas. Por unha parte a Comunidade Montes de Parderrubias aporta gratuitamente os terreos, por outra parte a empresa mineira financia a construción do vieiro e por parte do Concello o que aporta é o afán recadatorio, non axuda, non contribúe en nada a obra. Esta postura incoherente do equipo do Goberno quen en defensa dos intereses dos veciños debería coller a iniciativa con anterioridade e buscar alternativas a un novo vieiro, non foi capaz de atopar solución ata de agora pero en cambio négalle unha bonificación no imposto aos que lle soluciona o problema, négalle unha bonificación ao promotor da obra que é a Comunidade de Montes de Parderrubias. Non podemos esquecer que mesmo así a Comunidade de Montes vai ter que pagar, aínda que se acepte a bonificación, uns 4000 € en impostos municipais para poder executar a obra. Sexamos claros, facémoslles un beneficio aos veciños que alí viven con custe cero para o Concello, custe cero e máis recadando aínda 4000€ pola tramitación da licenza. Para demostrar que esta obra é de especial interese o de utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, deámoslle volta o tema, a pregunta sería ¿Qué pasaría se a Comunidade Montes de Parderrubias e a empresa implicada deciden non acometer a obra? Sucedería que teríamos un problema, teríamos un problema porque será o Concello a quen lle toque financiar e executar unha variante de acceso a canteira se é que lle importan os veciños do Agro, que non dubido que sexa así, que lle preocupa a situación, en consecuencia, por non bonificar un importe, é dicir, deixar de ingresar sobre 4500 – 4700 € podemos perder unha inversión de 250.000€ que logo ao mellor é o Concello quen a ten que acometer, porque terá que darlle cabida a esa obra nalgún momento.

Poñemos nunha balanza o que gañan o Concello e os veciños do Agro, eliminación de ruído e polvo e vibracións, ademais maior seguridade nos vehículos particulares e peóns que viven a carón das vivenda afectas, gaña o Concello ao non ter que acometer con fondos propios a obra, incluso o custe de mantemento do vieiro actual que se vai a reducir por deixar de pasar maquinaria pesada, sen esquecer tampouco que se mellora a seguridade viaria na estrada provincial PO-411 porque o acceso ao vieiro que se propón ás canteiras vai saír nunha zona de mellor visibilidade para entrada e saída de camións. Deberían vostedes falar cos veciños do Agro afectados e dicirille vostedes que non consideran este proxecto de especial interese ou utilidade municipal a ver que lle contestarían.

Para rematar, nós entendemos que esta obra é digna candidata a aplicación da bonificación do imposto do ICIO que contempla a ordenanza do Concello de Salceda de Caselas. Como entendo que para motivar o seu voto en contra da modificación vense a amparar vense a escudar nos informes de intervención como así o di na proposta de Alcaldía quero indicarlles tres consideracións sobre estes informes. Primeiro, que corresponde ao pleno, que é o pleno que ten potestade para decidir a natureza da obra, polo tanto para decidir si se aplica ou no a bonificación. Tamén indica que dada a precaria situación económica do Concello non podemos permitírnos o luxo de bonificar obras, non compartimos esta opinión, si unha obra é candidata a ser declarada de interese municipal e social ten que selo independentemente da situación económica do Concello, esta clasificación ten que ser totalmente obxectiva baseándose nas circunstancias da obra en si, non supeditada as contas do Concello. Di intervención que parece que é discutible a natureza da obra considerando a execución desta de forma illada para a súa bonificación, está claro que como obra illada como tal claro que non tería dereito a bonificación, pero vista no contexto en que se encadra, nós consideramos que si existe un beneficio claro para o concello e os veciños. Tamén consideramos que os informe nos que vostedes se amparan son moi mellorables.

Sr. González González: Só para puntualizar, estades falando continuamente do barrio do Agro en Parderrubias e alí non é o barrio do Agro, o barrio do Agro é nas mesma estrada PO-411 dirección Salceda, alí no alto do antigo “Bar Alleres”, o barrio do que estamos a falar hoxe chámase Revolta, o Monte para ser exactos.

Sr. Rodríguez Canosa: A postura de MS vai ser a postura do Goberno e vai a apoiar a denegación da bonificación, apoiándonos nos dous informes de intervención, a falta de un, que desaconsellan a bonificación, son desfavorables e onde queda claro que a obra obxecto desta posible bonificación non reúne os condicionantes, os requisitos para darlle a utilidade pública ou incluso o interese social. Non temos que esquecer que ao final é unha estrada de acceso a dúas explotacións mineiras e, para puntualizar o que dicía o compañeiro Tivo, para nada estamos en desacordo con que se execute a obra evidentemente, creemos que é unha boa obra, unha obra necesaria

que da acceso a unha explotación privada, pero iso non quita que non reúna os criterios para esta bonificación do ICIO.

Sra. Tourón Domínguez: É verdade que o Concello deixa de ingresar si se aproba esta bonificación, pero eu creo que o que estamos debatendo aquí non é iso, de feito non deixa de ingresar o Concello, non deixa de ingresar o equipo de goberno, deixan de ingresar os veciños e veciñas de Salceda, non o equipo de goberno, porque parece que se nos está tachando de que nós non queremos ingresar ese diñeiro, ese diñeiro é da veciñanza de Salceda na súa totalidade, non só dos veciños desa zona. O Concello claro que sabe que esa obra é necesaria e por suposto que presta toda a súa vontade e a súa colaboración, se é necesario poñer na estrada actual reducións ou sinais ou o que considere, como se fixeron noutros accesos a outras explotacións mineiras similares noutros barrios. Está claro que aquí se toman decisións políticas pero por suposto avaladas polos informes técnicos e hai dous informes de dúas persoas que ocupan o posto de intervención diferentes, non sei si o compañeiro Tivo ten a capacidade ou se cree que ten a capacidade de valorar o traballo da técnica de intervención ou do técnico anterior, eu valoro o traballo, eu confío nos técnicos.

Volvo a dicir que hai un informe de dúas persoas diferentes e que ocuparon o mesmo posto e as decisións políticas por suposto este equipo de goberno as vai a tomar baseadas en criterios técnicos, como creo que debemos facer. Está claro que non se consideran de utilidade pública, que non cumpren coa ordenanza do ICIO, iso non significa que non creamos que esa obra é importante e que os veciños e veciñas da zona a necesiten. Volvo a repetir, é para unha explotación mineira privada e avalados neste informe, co cal traémolo a pleno, que como dicía o compañeiro Tivo si é verdade que é unha decisión do pleno e por iso estamos aquí hoxe con este tema, para que se tome esta decisión.

Sr. González Souto: Dicir que os informes son dous pero un é un copia e pega do outro, polo tanto un informe. Por favor pídolles que teñan a man os dous informes nos que vostedes fundamentan o seu voto, pídolles isto porque despois de estudar o expediente e comprobar eses informes, porque sabía que é onde ían a facer fincapé, o noso grupo chega a dúas posibles hipóteses. Primeiro ou vostedes non leron os informes e só miraron a última páxina ou segundo, non coñecen a Ordenanza sobre ICIO de Salceda de Caselas. Calquera das dúas accións serían consecuencia de que non realizan o seu traballo co suficiente rigor e calidade que se espera de vostedes, que os veciños esperan de vostede, Sra. Alcaldesa. Podería dicirme de qué porcentaxe de bonificación se fala nos informes? Porqué digo isto? Porque estes dous informes son válidos pero en Ponte Caldelas, non no Concello de Salceda Caselas, pon no informe na páxina 1 Ponte Caldelas, poden miralo vostedes claramente, os dous ademais, o primeiro e o segundo, porque a ordenanza municipal á que fan referencia os dous informes non é a ordenanza de Salceda de Caselas é a de Ponte Caldelas, de feito, cando analizamos os documentos para estudar o pleno os artigos non nos coincidían, porque coinciden á perfección coa ordenanza de Ponte Caldelas. Fai referencia na



páxina 1 a unha redución do 50 %, cando polo menos o noso grupo sabe que a bonificación que se plantexa aquí é do 95%. Fala de cuantificar a porcentaxe de bonificación cando en Salceda é dun tipo fixo do 95%, aquí non se cuantifica, é fixo do 95% e para rematar na ordenanza Fiscal do ICIO de Salceda a bonificación ben regulada no artigo 5.1, non no 4.1 nin no 7, eses son correspondentes a ordenanza do ICIO de Ponte Caldelas. Os dous informes conteñen os mesmos erros porque son un copia e pega, todos estes erros que conteñen os informes cremos que vostedes o equipo de Goberno deberían habelos detectado, si non os detectaron é que non está facendo ben o seu traballo, tamén significa que non lle prestou a suficiente atención ao informe de intervención que utiliza para xustificar o seu voto. Xustifican o seu voto en dous documentos cheos de erros que tan sequera detectaron, poderían esmerase un pouco máis , xa que este é o único punto da parte resolutiva da orde do día. Que non lles sirva de excusa o informe de intervención, poñan a obra no seu contexto, valoren a utilidade municipal e social polos veciños do Agro, fagan propios os argumentos que lles acabamos de presentar e sacamos adiante por unanimidade este punto. Votemos xuntos en contra de denegar a bonificación, primemos estas iniciativas, non as agravemos nin as dificultemos, fágannos caso gañaremos todos.

Sra. Alcaldesa: Non é a primeira vez que dicimos en sesión plenaria e onde proceda que este é un goberno serio e rigoroso. Se nos informes de intervención conteñen algún erro, que non é a primeira vez que acontece, de transcripción ou do que foxe, é función vosa fiscalizalo e corríxilo. Alégrome que a este pleno si fixeras ese traballo, porque en Comisión Informativa ningún de vos fixo ningún tipo de aportación como o que estas aportando agora. Dicir que o equipo de goberno e esta Alcaldesa manteñen reunións cos seus técnicos e coas súas técnicas, neste caso con intervención, polo tanto o contido deste informe sabíámolo, coñecíámolo dende o primeiro momento non so con esta interventora, senón tamén co anterior, con Sergio Curra, que xa non forma parte da intervención do Concello. Polo tanto, nós sabíamos o que ía a dicir este informe, que era denegar, non considerar de interese público, como expuxeron os meus compañeiros, esta bonificación. Que quede claro iso, e me alegro que fixera o seu traballo e que a este pleno, non así na Comisión, traía esas puntualización que en todo caso lle trasladaremos á intervención para que os corrixa. Repito, non se poden obviar dous informes técnicos de diferentes interventores denegando esa bonificación. Despois falaba vostede, facía referencia a esta Alcaldesa de que non falabamos coa veciñanza, eu quero dicirle , non hai moitos días pasaron precisamente polo meu despacho, sabedes que agora as citas son moito máis complexas e as reunións son moito máis complexas pero nós seguimos reuníndonos e falando coa veciñanza, e pasaron veciños non do Agro, xa che corrixiu antes o compañeiro Miguel, pasaron veciños preocupados por esta situación, e unha vez que se lles comunicou o motivo e se lles informou do motivo da negación entendérono perfectamente. Este equipo de goberno vaille a solucionar os problemas a esa veciñanza como se fixo antes noutros lugares.



Comentaba antes aquí a compañeira Verónica, tivemos un problema similar na Bouzavedra, a través de redutores, de sinais de redución de velocidade, conseguíuse que eses efectos que a veciñanza tanto lle molestan, dos que somos perfectamente coñecedores. Non diga iso Tivo, sabe perfectamente que nos preocupa moito a veciñanza e non íamos a traer a este punto a este pleno sen antes haber falado con eles. Repito, hai uns días pasaron polo meu despacho dous veciños desa zona e que ademais estaban no nome dos demais.

Sr. González Souto: Realmente non me veu contestando a nada do que eu lle acabo de contestar, eu non lle dixen que vostedes que non falaran cos veciños, eu do que estou aquí discrepando é dos informes de intervención. Vostede está falando que os informes de intervención son dous interventores pero eu ratifícome, os dous informes son idénticos porque conteñen os mesmos fallos, creo o seu deber non é votar balóns fora e revisar estes informes, porque eu non sei a validez destes informes cando conteñen a normativa de Ponte Caldelas, non entendo. O que fai falta aquí era vontade política, porque simplemente o que fai falta e contextualizar, o que está dicindo intervención non é un reparo suspensivo é unha opinión que é discutible. Non quero recordar cando con anterioridade se pedían informes externos para contradicir o que dicían os funcionarios municipais cando os informes externos adaptábanse mellor as necesidades que tiña o goberno. Para rematar, simplemente votedes que coñecen a realidade da situación son capaces de contextualizalo e saberían que iso é unha oportunidade, e volvo a dicir, oxalá Comunidades de Montes e empresas noutros lados se poñan de acordo e que teñan esa repercusión para o Concello se é en beneficio dos veciños, oxalá. Temos que primar ese tipo de actuacións, desta maneira o que estamos dicindo é que mire, búsquese vostede a vida, estanme solucionando un problema pero eu non apporto nada nin colaboro. Volvo a dicir, creo que vostedes se equivocan, hai tempo para modificar porque se apoian nuns informes que son, para min, discutibles, informes que son opinións que non son reparos suspensivos nin nada polo estilo, pero si ten a decisión tomada ata aquí nós podemos chegar en certa maneira.

Sra. Alcaldesa: O Goberno deu licenza a esta obra, non pode dicir vostede que se opón á realización desta obra, o que se discute neste pleno e outra cuestión, creo que está máis que claro o que din os informes e tamén, repito, os veciños e veciñas teñen moi claro a aposta do Concello por esta obra, pero evidentemente imos ser rigorosos e imos facer caso do informes de intervención, non cumpre os requisitos para que esta bonificación sexa posible.

Sra. Tourón Domínguez: So dicirlle ao compañeiro do Partido Popular que creo, que igual que o fixeron no pleno anterior tamén, basearse sempre nun erro de escritura dun técnico como pasou no pleno anterior, e agora hai un informe que di que foi un baile de números, pois este e mesmo caso. Dicir que un técnico fai un informe moi mellorable porque pon o nome doutro Concello creo que hai que ser un pouco máis rigorosos e respectuosos tamén cos traballos dos técnicos, porque o importante do



que di o informe non é si pon o Concello de Ponte Caldelas ou o Concello de Salceda Caselas, como dicía antes a Alcaldesa estamos en contacto cos técnicos e por suposto que sabemos o que poñen os informes, por suposto que nos imos a avalar neles como non podía ser doutra forma. Dito isto, simplemente recalcar o que dicía a Alcaldesa, efectivamente o Concello non está en contra desta obra, se o estivera non houberse dado a licenza no seu día e deu licenza e está todo correcto o que non se pode e dar a bonificación do ICIO baseados nuns informes que din todo o contrario, que non é de interese social. Repito, o Concello está para colaborar igual como se fixo noutras ocasións.

Sr. González Souto: Eu non dixen nunca que vostedes estiveran en contra da obra. Verónica ti dis que o informe pon simplemente Ponte Caldelas pero entón segues sen ler, non é que poña Ponte Caldelas e que toda a normativa na que está baseado o informe é de Ponte Caldelas, porque o 50% aquí é o 95%, non é un erro dun lapsus, porque si ti colles un documento e miras lexislación aplicable, a lexislación que aplica é a de Ponte Caldelas, non é unha palabra simplemente. Non avisamos antes porque nós onte foi cando nos demos conta de que estes informes estaban mal, porque un é copia e pega doutro. En ningunha profesión non hai deuses, os técnicos municipais tamén se equivocan e de feito vostedes teñen esa posición tomada e venlle a pelo agárranse como cravo ardendo, porque se vostedes dixeran a verdade, como saben o pleno é quen ten a competencia para dicir se se pode dar a bonificación ou non o resto, perdoen, son florituras, oratorias e unha maneira de xustificar o inxustificable. Volvo a repetir, eu non dixen en ningún momento que vostedes estiveran en contra da obra.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo, seguinte:

“Visto o expediente instado pola Comunidade Veciñal de Parderrubias, con CIF núm. V36036283, mediante escritos recibidos en data 24.04.2019 (Rex. Núm. 2019-E-RE-481) e 23.08.2019 (Rex. Núm. 2019-E-RE-1143) relativos á solicitude de bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras para a obra recollida no “Proxecto de Novo Acceso á Canteira Faro desde a PO-411, Parderrubias, Salceda de Caselas” redactado polo Enxeñeiro de Minas Antón Vidal Alonso, con visado colexial de data 09.09.2016 e as súas modificacións e documentación complementaria presentadas nas datas 25.01.2019 e 13.03.2019, redactadas polo encargado do proxecto e director de obras don Agustín Martínez Ave.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, eliminar o tráfico de vehículos pesados polo núcleo de O Agro, na parroquia de Parderrubias mediante a construción do novo acceso a canteira Faro dende a PO-411, considerándose que concorren circunstancias sociais que xustifican a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Visto o informe desfavorable de intervención núm. 2019-0108 que literalmente di:

“non se motiva adecuadamente no expediente a utilidade pública ou interese social da obra, remitíndose a un interese social difuso baseado en “que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, eliminar o tráfico de vehículos pesados polo núcleo de O Agro, na parroquia de Parderrubias mediante a construción do novo acceso a canteira Faro dende a PO-411, considerándose que concorren circunstancias sociais que xustifican a declaración de especial interese ou utilidade municipal” Parece discutible que a construción de un acceso a unha canteira, sen máis, reúna a circunstancia de concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas o de fomento del emprego que esixe a normativa”.

Visto o escrito presentado en data 25.09.2019 (Rex. Núm. 2019-S-RE.1228) por José Estévez Pérez, en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Parderrubias.

Visto o informe desfavorable de intervención núm. 2020-0006 que ratifica o disposto no informe de intervención núm. 2019-0108.

Visto canto antecede, considérase que a solicitude non cumpre co previsto no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que establece unha bonificación de até o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno acorda:

PRIMEIRO. Denegar a declaración de especial interese ou utilidade municipal da obra contemplada no “Proxecto de Novo Acceso á Canteira Faro desde a PO-411, Parderrubias, Salceda de Caselas” redactado polo Enxeñeiro de Minas Antón Vidal Alonso, de data 30.08.2016 e as súas modificacións e documentación complementaria presentadas nas datas 25.01.2019 e 13.03.2019, por considerarse, conforme se dispón nos informes de Intervención núm. 2019-0108 e núm. 2020-0006, que non se motiva adecuadamente a utilidade pública ou interese social da obra.

SEGUNDO. Notificar esta Resolución ao interesado, xunto cos informes de Intervención, con indicación dos recursos que procedan.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Denegar a declaración de especial interese ou utilidade municipal da obra contemplada no “Proxecto de Novo Acceso á Canteira Faro desde a PO-411, Parderrubias, Salceda de Caselas” redactado polo Enxeñeiro de Minas Antón Vidal Alonso, de data 30.08.2016 e as súas modificacións e documentación complementaria presentadas nas datas 25.01.2019 e 13.03.2019, por considerarse, conforme se dispón nos informes de Intervención núm. 2019-0108 e núm. 2020-0006, que non se motiva adecuadamente a utilidade pública ou interese social da obra.

SEGUNDO. Notificar esta Resolución ao interesado, xunto cos informes de Intervención, con indicación dos recursos que procedan.”

Expediente 973/2020. Designación de Salcedenses Distinguidas/os 2020 (Urxencia).

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Traemos este punto por urxencia, a xustificación da urxencia é a falla de tempo por toda esta situación que vivimos de planificalo con un pouquiño máis de tempo, ter as visitas aos domicilios para falar coas persoas e traelo a este pleno en tempo e forma nos asuntos da convocatoria.

VOTACIÓN URXENCIA. Polo Sra. Alcaldesa sométese a votación a urxencia da proposta , esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes a sesión, pasando a tratar o asunto.

Sr.Rodríguez Canosa: Traemos a este pleno a proposta de Salcedenses distinguidos/as 2020, a urxencia xa explicou a Alcaldesa, con toda esta crise da COVID-19 e confinamento, gústanos falar coa xente antes de traer a proposta e foi un pouco complexo facelo, pero si queremos cumprir co regulamento de honras e distincións que se aprobou nesta lexislatura. As honras e distincións, entre elas os nomeamentos de Salcedenses distinguidos, ten que pasar por pleno, a proposta este ano é facer un recoñecemento a uns dos sectores relacionados coa crise do coronavirus que máis sufriron e que estiveron en primeira liña, como é o da sanidade, por iso traemos a proposta de Manuel Martínez Pérez, un recoñecido especialista en anxiloxía e en cirurxía vascular que traballou a meirande tempo no complexo hospitalario de Santiago.

Outro sector que tamén queremos tocar e que é un sector moi importante, tanto relacionado co coronavirus como socialmente, é o sector das tendeiros, as tendas de barrio que houbo toda a vida e das tendas de alimentación, aqueles ultramarinos e

que normalmente funcionaban máis como cohesión social e como lugar de encontro de veciños que como tenda bar. Estamos falando de dúas tendeiros dos barrios do Barreiro e da Feira, unha é Carmen Troncoso González do Barreiro e da Feira é Emérita González Pérez. Creemos que é un recoñecemento máis que merecido por toda unha vida dedicada a atender a esas tendas bares, eses negocios que en moitos casos era o único negocio onde había teléfono ou televisión e que socialmente eran moi importantes para toda a veciñanza, ademais no caso de se muller, a maiores de levar este negocio adiante, tiñan que coidar á familia e a verdade creo que nos dous casos sacaron a diante unha cantidade importe de fillos e fillas. Esta é a proposta que traemos para este ano para Salcedenses Distinguidos/as que espero que conte co apoio do resto da Corporación.

Sr. Rodríguez Davila: Boas noites a todos, en primeiro lugar quero en nome do noso grupo manifestar o noso respecto, noso pésame o noso agradecemento a todos aqueles que dou xeito ou outro padeceron a pandemia que estamos a sufrir e tamén pola perda dos seus seres queridos.

En segundo lugar quería felicitar ao compañeiro Tivo pola magnífica exposición con argumentación, coherencia, sentidío, porque se demostrou que cando se estudian os temas se saben defender.

Xa entrando en cuestión quero manifestar o que sempre dixó este humilde portavoz os meus predecesores e tamén os concelleiros do grupo municipal cando se traían en raras ocasións a pleno esta serie de decisións, de recoñecer a labor de tantos homes e mulleres do noso pobo que ao longo da súa traxectoria vital foron quen de facer o mellor de si e polo a disposición dos seus familiares e tamén dos seus veciños. Nós, como digo sempre, votamos a favor, sempre apoiamos estas iniciativas, propuxemos e intentamos consensuar estes nomes, porque independentemente das persoas que a corporación municipal homenaxee, independentemente onde vivan, de que familia son, o seu pensamento, relixión, etc..., son homes e mulleres que serviron a sociedade dalgún xeito, por exemplo creando unha familia como ben dicía o compañeiro Alex, creando ou mantendo un negocio como é o caso destas dúas mulleres do barrio de Castro-Barreiro e da Feira, ou ben axudando cos seus donativos a que o entroido deses dous barrios e tamén os centros culturais puidesen funcionar ao longo da súa traxectoria, tamén axudar a que a cultura meses barrios nunca se perderan, ou tamén no caso do outro homenaxeado, é por o seu coñecemento a disposición da sociedade para a que a través da medicina que el practicou axudase a curar e axudade a salvar en moitas ocasións vidas. En definitiva, axudar aos galegos e as galegas. Por todo o dito, o noso grupo vai a apoiar unanimemente esta decisión, porque creemos que é onde se demostra a coherencia de respectar aos nosos veciños como dixen antes, independente das súas iniciativas, do que aportaron a sociedade, porque estou seguro, estamos seguros, de que o fixeron do mellor xeito posible, o fixeron de boa fe o fixeron con entrega, con dedicación e sobre todo, o fixeron dende o fondo do seu corazón, que é dar o mellor de si . Creo que ningún



deles se merece que a Corporación estea en desacordo en recoñecerllo porque como digo independentemente da idoneidade, dos argumentos, do proceder, pois ningún deses argumentos que poidan ser en contra de algún veciño que se puidera homenaxear, ningún deles vale máis que a aportación que de boa fe fixeron a sociedade e tamén no que viviron, por iso eles escribiron grandes páxinas de tertulias, de anécdotas e seguramente de bromas tamén entorno ao que sucedía no martes de entroido, tanto na tenda do barrio de Feira como no barrio de Castro-Barreiro, porque estou seguro que alí se reunían nas tardes posteriores a esa gran tradición cultural que é no noso entroido, a meterse co barrio contrario, cos seus contrincantes e alí pasan seguramente longas horas de debate. Tamén escribiron grandes fitos na medicina porque a labor que fixo o señor Manuel nese hospital clínico de Santiago pois creo que ben merece a pena recoñecer o seu , porque puxo o seu coñecemento a disposición dos galegos e galegas, en definitiva en salvar vidas e en curar a saúde de todos. Todo o dito en nome do noso grupo quero manifestar o respecto a estas tres persoas e desexarlles unha nova vida chea de saúde e cariño e amor dos seus.

Sra. Tourón Domínguez: Non teño moito máis que engadir ao que dixeron os compañeiros do MS e do PP, sabemos que hai moita xente que podía ser merecedora desta homenaxe, pero cada ano son tres, hai que escoller e por suposto o noso apoio como grupo a esta proposta que traemos.

Sra. Alcaldesa: Non podo estar máis contenta que despois de aprobar este regulamento a Corporación sexa unánime na votación, ao final é iso, unha distinción humilde ao recoñecemento a estas tres persoas, queríamos facelo nesta ocasión con especial agarimo ao sector público ou polo menos a aqueles que estiveron ao fronte nesta difícil situación que vivimos, sabemos que o sector comercio, hostaleiro estará sumamente ben representado nestas dúas mulleres, en Emérita e en Carmen, ademais de ser mulleres emprendedoras, loitadoras, traballadoras, pois alí nunha tenda de barrio sabíamos o que sucedía, se convertían en psicólogas. E que dicir do sector sanitario representado en Manuel, creo que a escolla é boa e que estarán sobre todo orgullosos e contentos de que a Corporación Municipal vote por unanimidade nesta proposta de Salcedenses distinguidos, nun ano que será diferente, nun acto que seguramente será diferente, pero que non quixemos deixar pasar a ocasión para recoñecerlle a estes persoeiros a labor de toda unha vida. Seguramente como dicía a compañeira Verónica, haberá moitos candidatos e moitas candidatas máis pero nos quedan moitos Salcedenses distinguidos e distinguidas durante moitos anos mais. Dou lectura a proposta:

“Homenaxear como Salcedenses Distinguidas/os no acto cívico a celebrar o domingo 19 de xullo de 2020 ás seguintes persoas:

Carmen Troncoso González, con DNI 35523005B, nada o 30 de xullo de 1938, pola súa vida adicada ao comercio e hostalería, rexentando a tenda bar do barrio do Castro

Barreiro.

Emérita González Pérez, con DNI 35544111A, nada o 12 de novembro de 1927, pola súa vida adicada ao comercio e a hostalería, rexentando a tenda bar do barrio de A Feira.

Manuel Martínez Pérez, con DNI 35539356D, nado o 4 de novembro do 1948, por toda unha vida adicada á sanidade, como especialista en Anxioloxía e Cirurxía Vascular.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada, POR UNANIMIDADE de votos a favor, adoptándose o seguinte acordo:

Homenaxear como Salcedenses Distinguidas/os no acto cívico a celebrar o domingo 19 de xullo de 2020 ás seguintes persoas:

- Carmen Troncoso González, con DNI 35523005B, nada o 30 de xullo de 1938, pola súa vida adicada ao comercio e hostalería, rexentando a tenda bar do barrio do Castro Barreiro.

- Emérita González Pérez, con DNI 35544111A, nada o 12 de novembro de 1927, pola súa vida adicada ao comercio e a hostalería, rexentando a tenda bar do barrio de A Feira.

- Manuel Martínez Pérez, con DNI 35539356D, nado o 4 de novembro do 1948, por toda unha vida adicada á sanidade, como especialista en Anxioloxía e Cirurxía Vascular.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o nº 2020-388 de 9 de maio ata o nº 2020-536 de 18 de xuño.

Queda dada conta dos decretos ditados dende o nº 2020-388 de 9 de maio ata o nº 2020-536 de 18 de xuño.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Rodríguez Davila: Antes de nada quería facer unha puntualización en canto a obra,

dixestes que lle destes licenza de obra, désteslle licenza porque cumprían cos informes do arquitecto, é que tiñades de darlla, non era unha decisión do goberno, tiñades de darlla porque cumpría todos os informes.

Vamos a facer unha serie de rogos que logo os presentaremos por escrito.

1º ROGO: Dende este Grupo queremos rogar ao Goberno Municipal que teña a ben adecentar, tanto na sinalización como tamén no pintado da antiga estrada 550 no seu paso polo Cerquido na parroquia de Santo Estevo de Budiño dada a situación na que se atopa, e polo tanto co risco na seguridade viaria e tamén para os viandantes no seu cruce no paso de peóns.

2º ROGO: A mellora do asfaltado da pista que está no barrio de Outeiro na parroquia de San Xurxo, é a estrada que pasa por diante da casa do veciño Alfonso e tamén dos veciños que alí viven e que vai cara arriba hacia a casa do Sr. Manolo. Fíxose unha pequena mellora nesa estrada pero foi un parche, porque o que se asfaltou non quedou mal de todo pero toda esa pista necesita un asfaltado porque está nun estado de abandono e que alí viven unha serie de veciños concentrados e polo tanto necesitan e reclaman esa mellora.

3º ROGO: Que o Goberno estudie, a parte das medidas que nós presentamos e anunciamos e tamén das que o Goberno anunciou, e imos ver si algunha das que quedan por executar as executan, creo que é importante a que traballemos estamos dispostos a que se nos convocan poidamos consensuar unha serie de medidas para facer un plan axuda directa a PEMES, autónomos, así como bonificacións fiscais para apertura de negocios, así como tamén da bonificación de licenzas das obras para acondicionar os locais no noso Concello. A situación creo que o reclama, vemos como tristemente están pechando negocios e que os baixos da nosa localidade están cada vez máis baleiros e polo tanto creo que dende o Goberno Municipal se debe facer unha aposta para axudar a que veñan novas empresas ao noso Concello e as que esteán se manteñan.

4ºROGO: Cando traian o presuposto ao pleno, rogamos que reduzan as partidas de publicidade en 40.000€, en gastos protocolarios 3000€, retribucións básicas do goberno en 70.000€, en seguridade social de órganos do goberno en 30.200€, como consecuencia da redución das dedicacións, festas populares ou festexos 40.000 € dado a situación de pandemia que non se van a poder celebrar como ata de agora e tamén en actos xurídicos e contenciosos en 20.000€. Iso suman un total de 193.000€ que é o que nos lle pedimos que o adiquen a partidas no eido social e tamén de emprego, así como tamén na proposta que lle fixemos no anterior rogo que é a través dese plan de axuda a PEMES e empresas á que son en definitiva as dan oportunidades de posto de traballo e de economía para o noso Concello, en definitiva.



5º ROGO: Solicitarlle ao Goberno que lle traslade a súa vez a excelentísima Deputación de Pontevedra que teña a ben facer a limpeza da estrada provincial de PO-2501 ao seu paso polas parroquias de Sta. María, Picoña e San Xurxo, dado que en algunha zonas está en mal estado e sobretudo as cunetas concretamente ao seu paso pola Picoña.

PREGUNTAS:

Sr. Núñez Troncoso: En relación aos Decretos, hai dous decretos practicamente iguais, nos cales non se admite a trámite a reclamación de responsabilidade patrimonial dun veciño da rúa Rafael Tilve e dunha Comunidade de propietarios da rúa Coruña en relación a obras feitas tanto na R/ Rafael Tilve como na Rúa Coruña. Na conclusión do informe segundo a empresa que executou as obras é que *“a maquinaria que se usou no mesmo ía provista de cadeas de goma polo que non poderán ocasionar danos por vibracións nas estruturas dos edificios”*. Este é o informe da empresa, a pregunta é se se pediu algún informe independente a parte da empresa e porqué non se tivo en conta os informes que aportaron tanto o veciño afectado como o da Comunidade de propietarios?

Sra. Alcaldesa: Vostede fala da humanización da rúa Rafael Tilve co entronque rúa Compostela, que ocasionou segundo estas dúas persoas danos na estrutura e evidentemente se consultou non só a empresa que se lle pediu o informe senón ao equipo técnico de urbanismo, por iso se desestimou e foron rexeitadas, non creo que haxa ningún problema, os criterios son técnicos. A empresa evidentemente, como responsable da obra, pedíuselle informe e ademais diso está avalado polos responsables técnicos do Concello.

Sr. Núñez Troncoso: No decreto se menciona unicamente o informe da empresa non a ningún informe municipal, se fai mención unicamente ao informe da empresa e que espera vostede del, pero cando no informe se recolle que *“a maquinaria que se usou na mesma ía prevista de cadeas de goma polo que non poderán causar danos por vibracións na estrutura dos edificios”*, é normal que no informe da empresa poña isto, normal entre comillas, creo que sería máis sensato atender tamén aos informes técnicos que presentou tanto o veciño afectado como a Comunidade de propietarios e a maiores, se lle podía haber pedido un informe independente, porque aquí o que prevalece é o informe da empresa e non os informes que presentan os veciños e a Comunidade de propietarios afectados.

Sra. Alcaldesa: Repito non prevalece só o informe da empresa senón os criterios unha vez consultado o equipo de urbanismo, de todos xeitos buscarei eses decretos e no vindeiro pleno dareille unha resposta máis exhaustiva, eu ao día firmo moitísimos decretos, permítame que vindeiro pleno sexa máis rigorosa e che conteste a esa pregunta.

Sr. Núñez Troncoso: O digo porque como ben todos sabemos que aparte de máquinas traballar provistas con cadeas de goma tamén traballou un martelo, un martelo que saibamos non leva ningún tipo de goma para poder traballar e fai vibracións, por iso creo que se debería ter en conta os informes que aportaron tanto o veciño como a Comunidade de Propietarios afectada.

Sra. Alcaldesa: Eu non son técnica, o meu aval son os informes técnicos e o equipo de urbanismo e confío plenamente no seu criterio, aínda así para ser rigorosa estudiareime os decretos dos que fala e dareille resposta máis exhaustiva no vindeiro pleno, repito eu ao día firmo moitos decretos.

Sr. Núñez Troncoso: Entendo perfectamente que a Sra. Alcaldesa firme moitos decretos, pero hai unha Concelleira de urbanismo con dedicación exclusiva e un Concelleiro de vías e obras.

Sr. Núñez Troncoso: Respecto do aparcamento existente na rúa Victoriano Pérez Vidal, en fronte a farmacia, nos transmiten diversos veciños queixas que xa no seu día manifestaron tanto ao anterior alcalde como a este agora, que nese aparcamento sobre todo no verán hai moito po e que aparte teñen filtracións para os sotos, para os garaxes ¿A Alcaldesa é coñecedora deste problema, se ten pensado arranxar este problema aos veciños?

Sra. Alcaldesa: Eu en primeira persoa non teño traslado de queixa, polo menos durante a miña vixencia de Alcaldesa, si existen desde logo faremos todo o posible para solucionalo.

Sr. Núñez Troncoso: A Concelleira de urbanismo tampouco ten coñecemento? Nin o concelleiro de vías e obras tampouco?

Sra. Tourón Domínguez: Dende que eu son Concelleira de urbanismo esa queixa non entrou, non sei si entrou anteriormente ou non, eu non teño coñecemento dela, de todos os xeitos o mesmo que acaba de dicir a Alcaldesa, se iso é así tratarase de dar solución o máis axiña posible, intentaremos coñecer con detemento cal é o problema que teñen e intentar solucionalo.

Sr. Rodríguez Davila: Quería preguntar en nome do grupo, se o goberno repartiu todos os equipos de protección individual respecto da COVID-19, é dicir, máscaras por exemplo, das que anunciou que dispoñía é dicir, repartiu todo o material entre os veciños de Salceda?

Sra. Alcaldesa: O material repartíuse todo, 12.600 máscaras que din conta no pleno anterior entre a veciñanza ademais recibimos case 3000 da Xunta, da FEGAMP que nos fixeron chegar, ben é certo que compramos 5000 máis e que temos de provisión

para uso do persoal.

Sr. Rodríguez Davila: Ten decidido, pensado, estudiado a posibilidade de comprar máis material para ter máis provisión dado que so teñen 5000, no caso que no vindeiro outono, inverno, esperemos que non, haxa un rebrote, creo que é importante ter esa provisión para que non nos colla co pé cambiado e que non volva a suceder o que sucedeu nos últimos meses, polo tanto máis que unha pregunta lle traslado un rogo de que teñan a ben de estudar esa posibilidade, oxalá non faga falta.

Sra. Alcaldesa: Oxalá non faga falta e oxalá a todas as administración nos colla con suficiente dotación, dende logo o Concello e atendendo a que as demais administración lle resultaba complexo ter eses equipos, esas máscaras, tivemos que facer un tremendo esforzo sobre todo económico para poder facer o reparto de máscaras entre toda a veciñanza e persoal. Temos de provisión 5000 pero tamén creemos que se chega o momento, o resto das administración que nos deberían subministrar teñan esa provisión. Dende logo nós estamos preparados para atender aquelas emerxencias máis inmediatas algo debemos aprender de toda esta situación.

Sr. González González: Con referencia ás preguntas que estaba facendo antes Joaquín, en canto a humanización de Rafael Tilve co entronque con Compostela, efectivamente alí houbera unha reclamación dun veciño de Rafael Tilve, a resolución non se baseou nos informes da empresa senón o arquitecto municipal xirou visita a propia vivenda para comprobar in situ os supostos danos que denunciaba esta persoa e efectivamente comprobou que non tiñan nada que ver coa obra que eran danos antigos.

No tocante ao aparcamento que tamén preguntaba Joaquín, do aparcamento de Victoriano Pérez Vidal fronte a farmacia, non sei se ultimamente chegou algunha queixa pero xa antigamente había unha persoa do edificio do fondo que denunciou en algunha ocasión que lle entraba po pola ventá, o que facíamos era dar un rego cando había algo de po, un rego con auga e botábaselle un pouco de asfalto fresado para que non levantara tanto po, porque é un material que apenas levanta po. O da filtración da auga non ten nada que ver con ese aparcamento nin con edificio do fondo, a filtración da auga é un nacente que hai no edificio da parte de arriba do aparcamento, xa xirei visita co administrador da finca que leva o edificio é un nacente, naquela zona toda por alí arriba había unha mina de auga que acababa na do Pedreira, na rotonda de Rosalía de Castro, toda aquela zona ten nacentes de auga por todos os lados, alí o que había era un nacente no muro do soto pola parte de arriba, non no que batía co aparcamento senón no muro contrario, no vaso que sabedes que teñen que ser estancos por lei, vasos que están de formigón debaixo na terra, alí había un nacente potente, pero non ten nada que ver co aparcamento.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

